



Roccella fuciformis (L.) DC.

Frecuente na zona supralitoral das costas galegas, preferentemente en zonas protexidas da influencia directa do mar como fendas, covas e paredes verticais orientadas cara a terra (fotos 1, 2).

Talo fruticuloso, de 3 a 20 cm de longo, con ramas ou lacíneas planas (fotos 2, 3), lisas, de igual cor nas dúas caras, gris rosada a gris tostada.

As lacínias teñen ramificación irregular e vanse estreitando cara os ápices, onde chegan a ser de sección circular. Sorais máis ou menos redondos, aillados ou agrupados (foto 4), de cor branca grisácea.

Con frecuencia sen apotecios.

Fotobionte: alga verde do xénero *Trentepohlia*.

Reaccións: sorais C + e K⁺ vermello.